



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Persoal

Anuncio de convocatoria e bases específicas para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, dunha praza de redactor/a, locutor/a, cámara (OEP-E 2022) estabilización do emprego temporal

ANUNCIO

Expediente núm.: 2022/E001/000041

Mediante Decreto 1809/2022, do 19 de decembro, da concelleira delegada de Recursos Humanos, Industria e Emprego, convocouse o proceso selectivo para a cobertura dunha praza de persoal laboral fixo de Redactor/a, Locutor/a, Cámara prevista no cadro de persoal do concello das Pontes. Dita praza foi obxecto da oferta de emprego público extraordinaria do Concello das Pontes de García Rodríguez do ano 2022 (OEP-E 2022), para a estabilización do emprego temporal, aprobada mediante acordo da Xunta de Goberno Local do concello das Pontes, de data 19/05/2022 (Boletín Oficial da Provincia da Coruña, número 297, de data 24/05/2022).

A través do citado decreto, tamén se aprobaron as bases específicas da convocatoria, cuxo texto publícase de seguido, ao abeiro do artigo 205.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia:

CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, MEDIANTE PERSOAL LABORAL FIXO, DUNHA PRAZA DE REDACTOR/A, LOCUTOR/A, CÁMARA, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ DE 2022 (OEP-E 2022) PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO EN QUENDA LIBRE

Primeira. Obxecto da convocatoria

1.1. As presentes bases teñen por obxecto a regulación específica da convocatoria e do proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre e mediante persoal laboral fixo, dunha (1) praza de redactor/a, locutor/a, cámara, prevista no cadro de persoal laboral temporal e indefinido do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluída na oferta de emprego público extraordinaria desta entidade local do ano 2022 (OEP-E 2022), publicada no BOP núm. 97, do 24/05/2022.

1.2. O proceso selectivo rexeráse polo establecido nas presentes bases específicas e nas bases xerais reguladoras das convocatorias e dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas na oferta de emprego público extraordinaria do Concello das Pontes de García Rodríguez para a estabilización do emprego temporal, segundo a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, que serán de aplicación en todo o non previsto de forma específica nas presentes bases.

Segunda. Características da praza convocada

As características da praza convocada son as seguintes:

- Clase de persoal: Persoal laboral fixo
- Denominación: Redactor/a, locutor/a, cámara
- Grupo de clasificación profesional: Persoal laboral asimilado a Subgrupo C2
- Grupo de titulación: Graduado en ESO ou equivalente
- Número de prazas: 1
- Retribucións do posto: as correspondentes ao posto que se ocupe
- Xornada de traballo: Completa
- Funcións: as que se correspondan co posto e ao servizo de adscrición (Área de Radio-TV local), segundo a relación de postos de traballo (RPT) ou instrumento organizativo ou similar vixente en cada momento, dentro das legalmente establecidas.

Terceira. Sistema de selección

O sistema de selección é o de concurso, en quenda libre, segundo o disposto na disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Cuarta. Requisitos específicos das persoas aspirantes

4.1. Para tomar parte nas probas selectivas, as persoas aspirantes deberán reunir, ademais dos requisitos xerais establecidos na base terceira das bases xerais, os seguintes requisitos específicos, referidos á data de finalización do prazo de presentación de instancias:

- Titulación: Estar en posesión do Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) ou equivalente

- Estar en posesión do nivel de CELGA 3, ou acreditación do coñecemento de lingua galega equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias. A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación, con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007 e Orde do 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da Lingua galega).

4.2. Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de rematar o prazo de admisión de solicitude e conservarse polo menos ata a data da contratación, coa exclusión do especificado para a acreditación do coñecemento da lingua galega.

4.3. Os dereitos de exame a satisfacer, de acordo coa Ordenanza fiscal nº 15, que regula a taxa por expedición de documentos administrativos (BOP núm. 154 do 06/07/2006) é de 28,08 €

Quinta. Presentación de solicitudes e documentación

5.1. As persoas interesadas en participar neste proceso selectivo deberán achegar unha solicitude, segundo o modelo xeral existente na sede electrónica do concello, á que se achegará a documentación que se indica na presente base e na base cuarta das bases xerais e na que se declarará o cumprimento das condicións de participación esixidas.

As instancias serán dirixidas ao concello no prazo de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE).

As solicitudes presentaranse **única e exclusivamente** na sede electrónica do Concello das Pontes (<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/>), ao abeiro do disposto no artigo 6.4.f) do Regulamento da administración electrónica municipal do Concello das Pontes de García Rodríguez (BOP núm. 44, do 08/03/2021).

A instancia xenérica para procedementos de persoal atópase no enlace (https://sede.aspontes.org/opencms/es/procedimientosytramites/tramites/Convocatoriadeselecciondepersonal_N)

A presentación da solicitude en papel (no concello, en oficinas de correos ou a través do sistema SIR de calquera administración), dará lugar á exclusión da persoa aspirante na lista provisional de persoas admitidas e excluídas, concedéndolle un prazo para que a emende a través da súa presentación electrónica. Se o requirimento se atendese no prazo, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se realizou a emenda. No caso de non ser atendido o requirimento dentro do prazo concedido, o/a aspirante será definitivamente excluído/a do proceso selectivo.

En virtude do establecido no artigo 32.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, cando unha incidencia técnica imposibilite, durante un período de tempo, o funcionamento ordinario da sede electrónica do concello, o órgano competente poderá determinar unha ampliación do prazo non vencido. Neste caso, deberá ser obxecto de publicación na sede electrónica, a incidencia técnica acontecida, así como a ampliación concreta do prazo non vencido.

5.2. Ás solicitudes de participación deberá xuntárselles a seguinte documentación:

a) Declaración de que se posúen todos os requisitos necesarios para tomar parte nas probas selectivas, en concreto os que se especifican na base terceira das bases xerais e na base cuarta das presentes bases específicas, e referido á data de finalización do prazo de presentación de instancias.

b) O DNI, pasaporte ou documento identificativo equivalente e acreditativo da identidade e nacionalidade da persoa aspirante.

c) O título académico esixido.

d) De ser o caso, o documento acreditativo de estar en posesión, ou en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de solicitudes, do nivel de coñecemento de lingua galega (CELGA 3 ou equivalente)

e) Xustificante de ter ingresado o importe en concepto de dereitos de exame, segundo o que se indica na base 4.3 das presentes bases.

f) Relación dos méritos alegados polas persoas aspirantes para súa valoración na fase de concurso segundo o modelo normalizado que se xunta ás presentes bases como Anexo I, á que se acompañará a documentación acreditativa dos mesmos que se indica nas bases xerais, así como, no seu caso, nas presentes bases específicas.

g) Manifestación de ser aspirante coa condición legal de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento. Neste caso deberase presentar certificación dos órganos competentes que acredite a dita condición e solicitar as adaptacións que resulten precisas para o desenvolvemento do proceso selectivo.

h) Documento que acredite o coñecemento suficiente do castelán, no caso de persoas con nacionalidade distinta da española.

Sexta. Contido do proceso selectivo, forma de desenvolvemento e sistema de cualificación

6.1. Desenvolvemento do proceso selectivo

O sistema selectivo empregado será o de concurso

O puntuación máxima do proceso selectivo será de 50 puntos

O desenvolvemento do proceso selectivo adecuarase aos criterios xerais que se sinalan a continuación, así como ao disposto con carácter xeral na base sétima das bases xerais.

6.2. Sistema de cualificación

6.2.1) Fase de concurso

Os méritos que se valorarán son os seguintes:

a) Experiencia profesional (máximo de 30 puntos)

a.1) Por servizos prestados como redactor/a-locutor/a-cámara na entidade convocante: 0,23 puntos por cada mes completo de servizos.

a.2) Por servizos prestados como redactor/a-locutor/a-cámara ou equivalente noutras administracións públicas: 0,15 puntos por cada mes completo de servizos.

Serán obxecto de valoración postos/prazas nos que se acredite o desenvolvemento de tarefas equivalentes coas da praza convocada, aínda non sendo coincidentes na súa totalidade. A dita acreditación achegarase, en todo caso, coa documentación que se xunte á solicitude e dentro de prazo de presentación de instancias.

As puntuacións referiranse a servizos prestados a tempo completo, tomando como referencia unha xornada semanal de 37 horas e 30 minutos semanais. Os servizos prestados a tempo parcial puntuaranse proporcionalmente.

Xeito de xustificación: segundo o que se indica na base 7.2.1. apartado a) das bases xerais.

b) Formación específica (máximo de 19 puntos)

b.1) Por cursos de formación relacionados directamente coas funcións propias da praza á que se opta: 0,15 puntos por cada hora de formación.

Será obxecto de valoración a formación referente a materias transversais de prevención de riscos laborais, igualdade, non discriminación e prevención da violencia de xénero, protección de datos, procedemento administrativo, lingua galega, administración electrónica, ofimática e calidade e atención ao público por entender que as mesmas se atopan directamente relacionadas co contido funcional do posto.

Xeito de xustificación: segundo o que se indica na base 7.2.1. apartado b) das bases xerais.

c) Titulación académica (máximo de 1 punto)

Pola posesión dunha ou varias titulacións académicas superiores á esixida na convocatoria e que estean relacionadas co contido do posto e até un máximo de 1 punto:

c.1) Título de Bacharel, Técnico ou equivalente: 0,25 puntos por cada un

c.2) Título de Técnico Superior ou equivalente: 0,50 puntos por cada un

c.3) Título de Diplomado/a Universitario/a ou equivalente: 0,75 puntos por cada un

c.4) Titulación académica de Grao ou equivalente: 1 punto por cada un

Xeito de xustificación: deberá presentarse o título ou certificación académica oficial.

Sétima. Coñecemento do galego. Obrigatorio e eliminatorio

As persoas que, en aplicación do previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG), respecto da acreditación do galego, non tiveran acreditado o coñecemento de lingua galega (CELGA 3 ou equivalente) terán que realizar unha proba de galego, que consistirá nunha proba específica de conversación. A duración da proba non será superior a 15 minutos.

Esta proba será cualificada de apto/a ou non apto/a. Serán eliminadas as persoas aspirantes que non acaden a puntuación de apto/a.

Quedarán exentas da realización desta proba aquelas persoas opositoras que acrediten, coa presentación da solicitude, estar en posesión do CELGA 3 ou equivalente.

Oitava. Cualificación do proceso selectivo

A puntuación final das probas selectivas virá determinada pola suma do resultado da fase concurso e entre as persoas aspirantes que teñan superado a proba de coñecemento do galego, de ser o caso.

En caso de empate entre dúas ou máis persoas aspirantes acudirase para dirimilo aos seguintes criterios, segundo a orde que se indica:

- Maior puntuación obtida no apartado de experiencia profesional, pola orde na que aparece indicada na base 6.2.1a)
- Maior puntuación obtida conxuntamente nos apartados de formación específica 6.2.1b) e formación académica 6.2.1c)
- Maior antigüidade na praza obxecto de convocatoria
- Maior antigüidade na administración convocante
- De seguir persistindo o empate, este será resolto por sorteo en acto público efectuado ante a Presidencia e a Secretaría do tribunal e unha das Vogalías do dito órgano de selección.

O tribunal non poderá declarar que superaron o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas, polo que se declarará aprobada a persoa que obtivesen a maior puntuación.

Novena. Relación de aprobados/as, achega de documentos, contratación e sinatura do contrato

A persoa aspirante proposta polo Tribunal deberán presentar no concello, a través da sede electrónica, no prazo máximo de vinte (20) días hábiles, contados a partir da publicación do resultado do proceso selectivo no Taboleiro de anuncios electrónico do Concello, a seguinte documentación:

a) Certificado/Informe médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que se aspira expedido por facultativo/a competente.

b) Declaración responsable de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

c) Declaración xurada de non atoparse incurrido/a en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente (artigo 13 do Real decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades) e referido ao momento da sinatura do contrato.

d) Cartilla da Seguridade Social (no caso de estar de alta) ou declaración de non estar de alta.

e) Acreditación documental da conta bancaria na que se farían os seus ingresos nominais

Presentada a documentación polo/a interesado/a, a Concellaría delegada competente ditará resolución de nomeamento da persoa aspirante proposta que se publicará no taboleiro de anuncios do concello (taboleiro electrónico: <https://sede.aspontos.org/opencms/es/informacion/>), así como no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

O/a aspirante nomeado/a deberá formalizar o contrato no prazo máximo dun mes a contar dende o seguinte ao da publicación do seu nomeamento no BOP da Coruña.

A dita formalización levará aparellada a extinción do contrato de traballo para o persoal laboral temporal que estivera ocupando as prazas obxecto da convocatoria.

Décima.- Normas finais

Para o todo non previsto especificamente nas presentes bases, estarase ao disposto nas bases xerais reguladoras das convocatorias e dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas na oferta de emprego público extraordinaria do Concello das Pontes de García Rodríguez para a estabilización do emprego temporal, segundo a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido na Lei reguladora das bases de réxime local; na Lei de Administración local de Galicia; na Lei 02/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; no Real Decreto Legislativo 05/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público; no Real Decreto 896/1991; no Real Decreto 364/1995; e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Décimo primeira. Réxime de recursos

Contra estas bases específicas, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante a Concellaría que as tivera aprobado, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña; ou ben recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o seguinte ao da súa publicación no indicado Boletín, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. No caso de interpoñer recurso de reposición, non poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

Así mesmo, a administración poderá, se é o caso, proceder á revisión das resolucións do tribunal, conforme ao previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

ANEXO I

MODELO DE RELACIÓN DE MÉRITOS

1.- Experiencia profesional

6.2.1a.1) Por servizos prestados como redactor/a-locutor/a-cámara na entidade convocante			
Administración Pública	Praza / Categoría	Data inicio	Data finalización

6.2.1a.2) Por servizos prestados como redactor/a-locutor/a-cámara ou equivalente noutras administracións públicas			
Administración Pública	Praza / Categoría	Data inicio	Data finalización

2.- Formación específica

6.2.1b.1) Cursos de formación relacionados co posto			
Denominación curso	Entidade	Data/s realización	Nº horas / Créditos

3.- Formación académica

6.2.1c) Titulación académica superior á esixida		
Denominación	Entidade	Data do título

As instancias presentaranse unha vez que se publique o anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE).

As Pontes de García Rodríguez, 19 de decembro de 2022

A concelleira-delegada de Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego

Ana María Pena Purriños

2022/8089